

NORMAS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CURSO 2023/24

En aplicación do que está disposto nos artigos 34.1 e 36.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña (a partir de agora, UDC), aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro; no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (modificado polo Real decreto 534/2013, do 12 de xullo, polo Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro e polo Real decreto 195/2016, do 13 de maio); ~~e de acordo co~~ no Regulamento de estudos de doutoramento, aprobado polo Consello de Goberno do 17/07/2012 e as modificacións posteriores dos anos 2013, 2014, 2015, 2017, 2018, 2019 e 2020 ~~e de no~~ Regulamento da EIDUDC aprobado polo Consello de Goberno do 22/12/2012, última modificación do 27/02/2020, e no decreto 98/2023, do 22 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos por servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2023/2024.

Acórdase aprobar as seguintes normas de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da UDC para o curso 2023/24

ARTIGO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta normativa de admisión e matrícula aplicarase aos plans de estudos que conducen á obtención de títulos oficiais de Doutoramento da Universidade da Coruña (UDC). Tamén será de aplicación ao alumnado que desexe iniciar ou continuar os estudos que conduzan á obtención dun título oficial de doutoramento.

ARTIGO 2. REQUISITOS XERAIS DE ACCESO A UN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

Os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento serán os establecidos na normativa vixente.

Son requisitos de acceso os seguintes:

2.1. Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario posuír os títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

2.2. Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

- Posuír un título universitario oficial español, ou doutro país integrante do espazo europeo de educación superior, que habilite para o acceso ao máster, de acordo co que establece o artigo 16 do Real decreto 1393/2007 e que superara un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que polo menos 60 haberán de ser de nivel de máster.
- Posuír un título oficial español de graduado ou graduada, cuxa duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Estes/as titulados/as deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de máster.
- Os/as titulados/as universitarios/as que, logo de obterem praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superaran con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	1/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Posuír un título conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, logo de que a UDC comprobe que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de máster universitario e que faculta no país expedidor do título para acceder a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo que posúa o/a interesado/a nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de acceso a ensinanzas de doutoramento.
- Posuír outro título español de doutor/a obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.

2.3. Os/as doutorandos/as que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas de doutoramento logo da súa admisión de acordo con estas normas. En todo caso, deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral no Regulamento de estudos de doutoramento.

2.4. Poderán acceder aos estudos de doutoramento os/as licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que posúan o Diploma de Estudos Avanzados, obtido de acordo co que dispón o Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzaran a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.

2.5. Poderán acceder aos estudos de doutoramento os/as licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que posúan un título de máster oficial conforme ao Real decreto 56/2005 ou ao Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou superaran 60 ECTS de estudos de máster oficial.

2.6. Poderán acceder aos estudos de doutoramento as persoas con titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007, de conformidade coas seguintes regras:

2.6.1. Titulacións organizadas en créditos non ECTS:

- A equivalencia dos créditos establecida pola Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria (LRU) con créditos ECTS é como segue: un crédito LRU considérase equivalente a un crédito ECTS.
- No caso de cursar e superar unha titulación oficial española organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de máster.
- No caso de cursar e superar unha titulación de segundo ciclo que non constituía continuación directa dun correlativo primeiro ciclo, e que o conxunto de créditos cursados e superados de primeiro e segundo ciclo sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de máster.
- Este recoñecemento de 60 ECTS de segundo ciclo como de nivel de máster referido nas alíneas b) e c) só terá validez para os efectos de satisfacer os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento da UDC, sen que supoña a adquisición de dereito ningún sobre o título de máster universitario.
- Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña no relativo a requisitos e criterios adicionais de admisión que puiden establecer a comisión académica dun programa de doutoramento concreto, así como, se é o caso, o establecemento de complementos de formación específicos, tal e como recolle o artigo 7 do RD 99/2011.

2.6.2. Titulacións non organizadas en créditos:

O acceso aos estudos de doutoramento desde titulacións antigas, organizadas en materias e non en créditos, poderase resolver aplicando algún dos seguintes criterios, segundo estableza a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento:

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	2/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- a) A equivalencia da titulación superada coa mesma titulación regulada pola Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, considerándose que ten os mesmos créditos que esta, e de acordo co que dispón o apartado 2.6.1.a) cada crédito LRU será equivalente a un crédito ECTS.
- b) Un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior á LRU será considerado equivalente a 60 ECTS.

2.7. Tamén poderán acceder os/as diplomados/as, enxeñeiros/as técnicos/as ou arquitectos/as técnicos/as que acrediten que superaron 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que polo menos 60 terán que ser de nivel de máster universitario.

2.8. Posuír un título universitario oficial que obtivera a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), de acordo co procedemento establecido no Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do MECES dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.

ARTIGO 3. SOLICITUDE DE ADMISIÓN NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

3.1. Procedemento

Poderán solicitar a admisión nun programa de doutoramento, nos prazos indicados no calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento (**anexo I**), as persoas que reúnan os requisitos de acceso.

Esta solicitude de admisión realizarase a través da Secretaría Virtual e, ademais, achegarase á Administración da facultade/escola/UXAI responsable da xestión do programa, a documentación acreditativa de reunir os requisitos.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta poderá dar lugar á anulación da matrícula.

3.2. Reserva de prazas discapacitados. Segundo o acordado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, reservarase un 5 % das prazas dispoñibles para estudos de doutoramento universitario para o alumnado que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aquel alumnado con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisara de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa. As prazas obxecto desta reserva que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas pola UDC polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

3.3. Criterios de valoración. O alumnado poderá ser admitido nun programa de doutoramento unha vez verificado que reúne os requisitos de acceso e de acordo cos requisitos específicos e os criterios de valoración de méritos que, de ser o caso, estean recollidos na memoria de verificación do programa.

3.4. Selección. A *Comisión Académica do Programa de Doutoramento* (a partir de agora, CAPD) será a encargada da selección. Á vista das solicitudes presentadas, elaborará a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas (especificando o motivo de exclusión). De ser o caso, confeccionará unha lista de agarda.

No caso de que a CAPD considere que a persoa solicitante carece da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos que se deberán superar no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	3/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Contra a decisión da CAPD, o alumnado poderá presentar unha reclamación nos prazos sinalados para tal efecto. Unha vez resolta, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas para realizar os estudos de doutoramento no curso académico 2023/24. **No caso do alumnado proveniente de estudos de sistemas educativos estranxeiros, que estea pendente da resolución reitoral de equivalencia dos estudos cursados e superados, deberá figurar esta circunstancia na proposta de persoas admitidas no programa.** A súa admisión quedará condicionada á resolución positiva da equivalencia.

Contra o acordo da CAPD, cabe interpoñer un recurso de alzada perante o reitor.

As respectivas administracións das facultades/escolas/UXAI dos centros responsables da xestión académica dos programas de doutoramento e os/as coordinadores/as dos programas, unha vez publicadas as listas de persoas admitidas, introducirán as admisións na aplicación informática. Posteriormente, enviaráselle á Oficina de Doutoramento da EIDUDC a documentación presentada polo alumnado debidamente cotexada, que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso para ser admitido nun determinado programa de doutoramento.

3.5. Documentación: A documentación que acredita o cumprimento dos requisitos deberáselle dirixir ao/a coordinador/a do programa de doutoramento e terá que conter necesariamente:

3.5.1. Documentación do alumnado con títulos españois de acceso:

- a copia do DNI ou pasaporte
- a copia cotexada do/s título/s universitario/s oficiais que dean acceso os estudos de doutoramento.
- unha certificación académica oficial dos estudos cursados.
- De ser o caso, a certificación do órgano competente da avaliación positiva de formación sanitaria especializada, polo menos de dous anos, nun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidade en ciencias da saúde.

Ademais, de ser o caso, deberase achegar a documentación acreditativa de que reúnen os requisitos de admisión específicos do programa a que pretenda acceder.

Presentarase tamén aqueloutra documentación xustificativa de méritos alegados, tendo en conta os criterios de admisión de cada programa.

Todos os documentos que se acheguen coa solicitude serán copias cotexadas, polo que haberá que presentar orixinais e copias destes, ou copias compulsadas por autoridade competente en España. A compulsa non será necesaria no caso de documentos electrónicos nos que se poda verificar a súa integridade e autenticidade.

3.5.2. Documentación do alumnado cun título universitario de acceso expedido dentro dos sistemas educativos do EEES, distinguirase entre:

- a) Países membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo.
A documentación que deben de presentar é a recollida no apartado 3.5.1.
Non se esixe que a documentación se entregue legalizada (ver a relación destes países no anexo II).
- b) Resto dos países do EEES non comprendidos no apartado a).
A documentación que deben de presentar é a recollida no apartado 3.5.1. Os títulos universitarios e certificacións académicas oficiais deberanse presentar ademais legalizados.

En ambos os casos, os documentos deberán ser oficiais e expedidos polas autoridades competentes. De ser o caso, deberán ir acompañados pola correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	4/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



oficiais na UDC, que deberá estar feita por un tradutor xurado, español ou autorizado no país de orixe polo Consulado Español.

https://www.exteriores.gob.es/es/ServiciosAlCiudadano/Documents/TraductoresEinterpretes/LISTA_TRADUCTORES_INTERPRETES_JURADOS.PDF

Non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, aínda que prevalecerá, se houber discrepancia, a tradución que realice a UDC.

No suposto de documentación traducida, deberán achegar as copias cotexadas dos:

- . documentos orixinais, sen traducir (sen o selo do tradutor xurado)
- . documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor xurado)

Todos os documentos que se acheguen coa solicitude serán copias cotexadas, polo que deberán presentar orixinais e copias destes. Os organismos válidos para realizar a compulsa no estranxeiro son as embaixadas/consulados de España no país expedidor do título ou a compulsa pola propia universidade que expide o título. A compulsa non será necesaria no caso de documentos electrónicos nos que se poda verificar a súa integridade e autenticidade.

Se o/a interesado/a non presenta os documentos ou non se presentan na forma requirida, a universidade concederalle un prazo de 10 días para que proceda a súa subsanación. No caso de non aportalos, a matrícula quedará anulada por resolución reitoral, por proposta do director da Escola Internacional de Doutoramento e sen dereito á devolución das taxas e prezos públicos aboados.

3.5.3. Documentación do alumnado cun título universitario de sistemas educativos alleos ao EEES

O alumnado que posúa un título estranxeiro non homologado conforme a sistemas educativos alleos ao EEES poderá solicitar a admisión sempre que acredite un nivel de formación equivalente á do título español de máster universitario oficial que faculte no país expedidor do título para acceder aos estudos de doutoramento, e que superase o equivalente a 300 créditos ECTS no conxunto dos estudos universitarios oficiais. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.

Xunto coa admisión debe presentar unha **solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros** na Administración do centro. No caso de ser admitido –esta admisión estará condicionada á obtención da resolución de equivalencia– **deberase matricular** nos prazos establecidos sen esperar á resolución de equivalencia, pero a súa matrícula quedará condicionada a que esta sexa favorable.

A solicitude de equivalencia aos correspondentes títulos españois deberáselle dirixir ao reitor da UDC e presentarse na Administración do centro a que está adscrito o programa de doutoramento. A CAPD emitirá un informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados e, tras considerar se acredita un nivel de formación equivalente ao de máster universitario, informará sobre a posibilidade de acceso aos estudos de doutoramento. Este informe remitiráselle á Oficina de Doutoramento da EIDUDC xunto coa documentación presentada.

Para os efectos de procedemento, a solicitude dirixida ao reitor deberá ir acompañada da documentación que se relaciona a continuación, traducida a calquera das dúas linguas oficiais da UDC; porén, non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	5/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ou italiana. Nestes casos, bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, mais, se houber discrepancia, prevalecerá a tradución que realice a UDC.

Documentación que se debe achegar coa solicitude de equivalencia:

- O título/s co/s que se accede ao doutoramento ou a certificación da súa expedición.
- O certificado académico en que consten as materias cursadas, a carga horaria de cada unha delas e a duración oficial en cursos académicos/semestres etc. Se o certificado expresa a carga horaria das materias en créditos, débese acompañar da equivalencia dos créditos a horas lectivas teóricas e/ou prácticas que permita establecer o valor do crédito.
- O plan de estudos que conteña as materias, a orde na que son impartidas, a ordenación temporal e os requisitos necesarios para obter a titulación.
- O documento que acredite que o/s seu/s título/s faculta/n no país expedidor para o acceso aos estudos de doutoramento.
- O xustificante de pagamento da taxa de solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros.

Todos os documentos que se acheguen deberán ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate e presentaranse da forma seguinte:

- Documentos expedidos en países que subscribiron o Convenio da Haia do 5 de outubro de 1961. É suficiente coa apostila estendida polas autoridades competentes do país.
- Documentos expedidos no resto dos países. Deberanse legalizar por vía diplomática a través da Embaixada ou Consulado de España no país que expide o título.

Achegarase o orixinal legalizado ou a copia compulsada do dito orixinal legalizado. A compulsada non será necesaria no caso de documentos electrónicos nos que se poda verificar a súa integridade e autenticidade.

A compulsada de documentos realizada en países estranxeiros deberase realizar nas embaixadas ou consulados de España.

De acordo co que dispón o artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando no momento de formalizar a matrícula, a persoa interesada non poida achegar a documentación requirida debidamente legalizada ou apostilada, bastará con que achegue una copia simple do documento de que se tratar, acompañada dunha copia da solicitude da correspondente legalización ou apostila. Se antes de finalizar o primeiro cuadrimestre (de se tratar de matrícula realizada no 1º prazo) ou o segundo cuadrimestre (de se tratar de matrícula realizada no 2º prazo), o/a interesado/a non presenta os documentos requiridos ou estes non están debidamente legalizados ou apostilados, a matrícula quedará anulada por resolución reitoral, por proposta do director da Escola Internacional de Doutoramento e sen dereito á devolución das taxas e prezos públicos aboados.

ARTIGO 4. MATRÍCULA

Poderá formalizar a matrícula, a través da Secretaría Virtual, o alumnado admitido pola CAPD nos prazos sinalados no anexo I e seguindo o procedemento que se indica a continuación.

4.1. Deberá formalizar a matrícula de tutela académica e, de ser o caso, dos complementos de formación e/ou actividades formativas propias do programa de doutoramento acordados pola CAPD no proceso de admisión, a través da Secretaría Virtual. A matrícula considerarase definitiva unha vez que se comprobe que reúne os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	6/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Poderase realizar a matrícula a **tempo completo** ou a **tempo parcial**. Para esta última modalidade, será requisito indispensable que sexa previamente outorgada esta condición pola CAPD, tras acreditar documentalmente que se atopa nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 23 do Regulamento de estudos de doutoramento. A matrícula a tempo parcial é preciso solicitarla á CAPD cada curso académico, para o que se achegarán os documentos xustificativos.

4.2. O alumnado deberase matricular con continuidade desde a primeira matrícula nos estudos de doutoramento cada curso académico e ata a defensa da tese. Estarán exentas desta obriga as persoas que teñan concedida unha baixa temporal polas causas recollidas no artigo 27.1 do Regulamento de estudos de doutoramento.

O alumnado que non se matricule nun curso académico causará baixa no programa. A citada baixa producirá os efectos recollidos no artigo 21.3 do Regulamento de estudos de doutoramento.

O alumnado que no prazo de matrícula estea en situación de baixa temporal por algunha causa recollida no artigo 27.1 (enfermidade, embarazo, permiso de maternidade/paternidade...) deberase matricular no prazo de 10 días, que contan desde a finalización do período de baixa, salvo que o curso académico finalizase.

4.3. Matrícula do alumnado que realizara o depósito da tese de doutoramento

O alumnado que iniciara o proceso de depósito da tese, se non realiza a defensa antes do comezo do prazo de matrícula (01 de outubro de 2023), deberase matricular no curso 2023/24 para poder realizar a defensa da súa tese no novo curso.

5. IMPEDIMENTOS PARA A ADMISIÓN E A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

5.1. Ao abeiro do artigo 21.3 (que regula os efectos da baixa por non realizar a matrícula anual) e do artigo 27 (baixa temporal nun programa de doutoramento) do Regulamento de estudos de doutoramento, o alumnado que non se matriculase nos estudos de doutoramento **causará baixa no programa e non poderá solicitar a admisión nin matricularse na UDC:**

- a) **No mesmo programa**, no curso académico no que causa a baixa e durante o curso académico posterior ao da baixa.
- b) **Noutro programa distinto**, no mesmo curso académico no que causa a baixa.

Non obstante, poderá iniciar de novo os estudos no mesmo programa de doutoramento a partir do segundo ano académico desde que causou a baixa, e nun programa de doutoramento distinto a partir do curso seguinte ao de causar baixa. En ambos os casos deberá solicitar de novo a admisión.

5.2. Segundo o artigo 26 do Regulamento de estudos de doutoramento, que regula as causas da baixa definitiva nun programa de doutoramento, non se poderá matricular no programa de doutoramento que está cursando o estudantado que:

- a) Non superara os complementos de formación no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos.
- b) Non presentara o plan de investigación nos prazos establecidos.
- c) Conte con dous informes negativos consecutivos na avaliación anual do plan de investigación e do documento de actividades.
- d) Non defenda a tese nos prazos establecidos pola normativa.

Non obstante, poderá iniciar os estudos de doutoramento na UDC noutro programa distinto ao que causara a baixa definitiva.

ARTIGO 6. SIMULTANEIDADE DA MATRÍCULA

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Asinado	Data e hora	19/07/2023 14:10:19
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano		Páxina	7/16	
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



Non se poderá realizar a matrícula simultánea en dous programas de doutoramento.

A simultaneidade de realización de estudos de doutoramento con outro/s estudo/s universitario/s non será considerada como motivo de solicitude de prórroga.

ARTIGO 7. PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACADÉMICOS E ADMINISTRATIVOS

7.1. Pagamento de prezos públicos.

O alumnado que formalice a súa matrícula nun programa de doutoramento da UDC satisfará os prezos públicos por servizos académicos e administrativos que estableza o decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/24.

Non obstante, de acordo co que dispón o apartado 2 do artigo 9 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula, o alumnado coa matrícula declarada en suspenso por impago no curso académico anterior, cando solicite matricularse de novo na UDC, na mesma ou noutra titulación, deberá pagar previamente os atrasos que lle correspondan.

7.2. Exencións e bonificacións no pagamento de prezos públicos por servizos académicos

A teor do que dispón na precitada normativa da Xunta de Galicia, mediante a que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario e na normativa interna da UDC, establécense os casos de exención ou bonificación destes prezos que se sinalan a seguir.

A condición que dea lugar á exención de que se trate deberá estar vixente na forma legalmente establecida, durante o prazo de matrícula fixado por cada universidade e deberá acreditarse dentro do devandito prazo.

7.2.1. Familias numerosas. Os/as alumnos/as membros de familia numerosa de categoría xeral terán unha bonificación dun 50 % nos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas do decreto da Xunta de Galicia, de acordo co que dispoñen o artigo 12.2.a) da Lei 40/2003 do 18 de novembro, que desenvolve o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, e as Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións do 26 de febreiro de 2008. Os/as alumnos/as membros de familias numerosas de categoría especial teñen dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas mencionadas, de acordo coa normativa citada.

Esta situación deberá acreditarse mediante documento oficial expedido pola Administración autonómica competente. Mediante unha fotocopia do título de beneficiario/a ou renovación actualizada; en caso de necesidade, deberase presentar o documento orixinal, do que debe deixar constancia o persoal que efectúe a matrícula, ou por calquera medio de proba admisible en dereito.

Se no prazo indicado no apartado 7.2, o título de familia numerosa estivese en tramitación, poderanse obter os referidos beneficios acreditando no centro docente que se presentou a solicitude de recoñecemento ou renovación, así como presentando unha declaración responsable da categoría en que a familia numerosa queda clasificada. O alumnado con idades comprendidas entre 21 e 25 anos que necesite, de acordo co artigo 3 da Lei 40/2003, achegar o seu xustificante de matrícula para obter a condición de membro de familia numerosa, deberá presentar unha declaración responsable desta circunstancia no prazo indicado no apartado 7.2. Se antes do 31 de decembro do ano en curso non presentase a xustificación do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e terá que aboar o importe da matrícula.

Cando o título concedido fose de inferior categoría á declarada, terá que aboar a diferenza que corresponda.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	8/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7.2.2. Empregados/as públicos/as. Ten dereito á exención do pagamento de prezos públicos por servizos académicos establecidos na tarifa primeira do decreto da Xunta de Galicia o alumnado a que se lle recoñece o dereito a matrícula gratuíta na Resolución reitoral do 19 de xullo de 2019, pola que se regulan os supostos de exención de prezos públicos por servizos académicos na UDC, ao persoal das universidades do sistema universitario de Galicia.

A estes efectos deberase ter en conta que os titulares do dereito e os beneficiarios da exención da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, que cursen estudos de doutoramento na Universidade de A Coruña, terán, en base ao principio de reciprocidade, o mesmo tratamento que lle concedan as súas universidades.

Esta situación acreditarase mediante a presentación da documentación que establece a Resolución reitoral do 19 de xullo de 2019 ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito.

7.2.3. Víctimas de actos terroristas

Estará exento de todo tipo de taxas e prezos polos servizos académicos do anexo do decreto da Xunta de Galicia, o alumnado vítima de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos/as, de acordo co que figura no artigo 38 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo modificada pola Lei 2/2003, do 12 de marzo, e na normativa que a desenvolve.

Esta situación acreditarase no prazo de matrícula, mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, ou ben mediante o recoñecemento por parte da Administración xeral do Estado dunha pensión extraordinaria por acto de terrorismo, ou por sentenza xudicial firme segundo o que dispón o artigo 4 bis, número 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito.

7.2.4. Persoas con discapacidade. Ten dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas do decreto da Xunta de Galicia, de acordo co que dispón a disposición adicional 24 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, o alumnado que presente a resolución expresa da Xunta de Galicia, ou da Seguridade Social, segundo os artigos 1, 2 e 4 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e polo Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, sobre o recoñecemento dun grao de discapacidade grave cuxa porcentaxe determinada sexa igual ou superior ao 33 %.

Esta situación acreditarase no prazo indicado no apartado 7.2. mediante unha resolución expresa sobre o recoñecemento da condición de discapacidade emitida pola Xunta de Galicia, segundo establece o artigo 10 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro (BOE do 26/01/2000), ou emitida pola Seguridade Social segundo os artigos 1, 2 e 4 do RD lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e o Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro.

O alumnado que, no prazo indicado no apartado 7.2 se acolla á exención de prezos públicos por ter solicitada no organismo competente a valoración do grao de discapacidade, con anterioridade ao inicio do prazo de matrícula dos estudos a que desexa acceder, deberá presentar a xustificación desta circunstancia e de que lle comunicou ao citado organismo o carácter de urxencia conforme á normativa correspondente.

Se antes do 31 de decembro non se acreditase o recoñecemento da condición de discapacidade, a UDC, de xeito cautelar, de acordo co disposto no apartado 3 do artigo 12 do decreto, requirirá o aboamento dos ditos prezos públicos, sen prexuízo do dereito da persoa interesada a reclamar a súa devolución posterior, logo de que poida acreditar a condición antedita.

7.2.5. Víctimas de violencia de xénero. Ten dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos nas tarifas 1ª e 2ª do anexo do decreto da Xunta de Galicia, agás os

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	9/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



previstos na tarifa terceira, o alumnado que sufra violencia de xénero. Tamén quedará exento no caso de seren os seus proxenitores os que a sufran de acordo co establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase ao formalizar a matrícula por calquera dos seguintes medios:

- A certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- A sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
- Unha certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Unha certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Un informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Calquera outro que se estableza regulamentariamente

7.2.6. Os/as orfos/as de funcionarios/as civís e de militares que falecesen en acto de servizo terán dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos na **tarifa primeira** do decreto da Xunta de Galicia, sempre que sexan persoas non emancipadas e menores de 25 anos, en aplicación da Orde ministerial do 17/08/1982. A gratuidade alcanzará o prezo correspondente á 1ª matrícula e non cubrirá a segunda e sucesivas matrículas.

7.2.7. Beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital. As persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital, a quen se lles recoñeza a dita condición, estarán exentas do pagamentos dos prezos públicos por servizos académicos; en consecuencia deberá aboar unicamente os prezos da tarifa terceira.

A condición de persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.

7.2.8. As exencións que se recollen neste artigo refírense aos prezos públicos por servizos académicos e administrativos incluídos no anexo do citado decreto da Xunta de Galicia, que en ningún caso regula aqueles seguros que o alumnado matriculado na universidade debe subscribir obrigatoriamente.

7.3. Pagamento dos prezos públicos de matrícula

Os prezos públicos de matrícula, xunto cos correspondentes á apertura de expediente, expedición e mantemento de tarxeta do alumnado, seguros e, de ser o caso, a taxa de tramitación, poderanse domiciliar, realizarse en efectivo/tarxeta ou ser aboados mediante factura (por unha empresa, institución ou profesional).

7.3.1. De realizar o pago mediante domiciliación bancaria, o/a alumno/a deberá entregar na Oficina de Doutoramento da EIDUDC a autorización da domiciliación, no caso de non constar como titular da conta bancaria, no prazo de dez días hábiles desde a realización da matrícula.

Non se admitirán domiciliacións para o pagamento dos prezos públicos de matrícula despois do **1 de decembro do ano en curso**.

7.3.2. De ter que se matricular en créditos que se correspondan co período de formación doutoramento ou de complementos de formación, no momento de formalizar a súa matrícula, os/as alumnos/as poderán optar

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	10/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



polo **pagamento íntegro** do importe que corresponda, ou polo **pagamento fraccionado** en catro prazos: un primeiro do 40 %, un segundo do 30 %, un terceiro do 20 % e un cuarto dun 10 %.

O pagamento fraccionado, que só se permitirá para pagamentos en efectivo, realizarase dentro dos seguintes prazos:

1º prazo: nos 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula.

2º prazo: do 9 ao 20 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos.

3º prazo: do 11 ao 22 de xaneiro de 2024, ambos os dous días incluídos.

4º prazo: do 01 ao 10 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

No caso de elixir o pagamento íntegro, este efectuarase **no prazo ordinario de 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula, no período establecido para esta.**

7.3.3. O pagamento da **taxa de titoría anual** realizarase polo importe íntegro nun único prazo.

A formalización da matrícula nun programa de doutoramento por primeira vez **no prazo extraordinario (2º prazo ordinario do Anexo I) fixado polas universidades supoñerá o aboamento do 50% da devantita tarifa.**

7.3.4 A opción do pagamento por factura implicará o pago íntegro do importe da matrícula. O alumnado deberá seleccionar esta opción no momento de realizar a súa matrícula e cubrir o impreso de emisión de factura, que deberá solicitar e presentar na Oficina de Doutoramento. Este alumnado aboará só os conceptos que se especifiquen na folla de liquidación, e aprazará o pago principal da súa matrícula ata o momento en que se emita a factura solicitada.

De non facer efectivo o importe íntegro ou o importe do 1º prazo de matrícula nos prazos establecidos nos apartados anteriores, ou de non presentar aqueles documentos que acrediten o dereito de exención ou bonificación, así como a autorización da domiciliación bancaria (no caso de que o/a alumno/a non conste como titular da conta) e outros documentos necesarios que sinale a Oficina de Doutoramento, no prazo ordinario dos 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula, sen realizar ningún pago e/ou sen presentar a documentación, entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude de matrícula.

Así mesmo, entenderase como desistencia da matrícula, o feito de non atender as demandas da administración do centro correspondente ou da Oficina de Doutoramento.

Procederase de oficio, mediante unha resolución da Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, a aceptar de plano a desistencia da solicitude da matrícula e declararase concluída. Isto suporá a devolución dos prezos públicos que correspondan (nunca se incluírán as contías dos seguros establecidos no artigo 8 destas normas e os prezos de secretaría), se procede, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso efectuar o pagamento do 1º prazo, pero non os correspondentes aos 2º, 3º ou 4º prazos, a Oficina de Doutoramento, **antes do 9 de decembro, antes do 8 febreiro, ou antes do 29 de marzo**, respectivamente, seguirá o procedemento establecido no artigo 5 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

7.3.5. O alumnado que estea no período de elaboración, presentación e lectura da tese de doutoramento deberá aboar, ademais do seguro escolar (no caso de ser menor de 28 anos), o importe da tarxeta universitaria e mais **a taxa por titoría anual de doutoramento**. No caso de se incorporar por primeira vez ao programa, deberá aboar tamén as taxas de apertura de expediente.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	11/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7.3.6. De ter que se matricular de créditos dos complementos de formación específicos, para os efectos de prezos públicos, estes terán a consideración de créditos a nivel de doutoramento.

7.4. Establecerase **unha recarga por un importe de 30 euros**, en concepto de gastos de xestión e tramitación, en caso de existir calquera atraso no pagamento dos prezos públicos que se deben satisfacer.

A posibilidade de reactivar a matrícula suspendida por falta de pagamento realizarase de acordo co disposto no artigo 9 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

7.5. A matrícula na etapa de tese outorgaralle o dereito á tutela académica, a utilizar os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo e a plenitude dos dereitos previstos pola normativa para o alumnado de doutoramento.

7.6. Beneficiarios de axudas para contratos predoutorais. O alumnado que posúa a condición de beneficiario de bolsa de estudos de doutoramento (FPI, FPU, bolseiros AECl ou MUTIS) terá dereito á exención da taxa de titoría anual se presenta o xustificante acreditativo da condición de beneficiario no momento de formalizar a matrícula, sempre que o dereito á matrícula gratuíta figure explicitamente na convocatoria alegada, así como a compensación do importe á UDC.

No suposto de alumnado beneficiario dunha bolsa distinta á que se refire no apartado anterior, para se acoller aos beneficios de exención de prezos públicos, deberá figurar explicitamente na norma que publique a convocatoria alegada, así como a compensación do importe á UDC.

Se o alumnado fose beneficiario dalgunha exención ou bonificación, deberao acreditar no momento de formalizar a matrícula.

ARTIGO 8. SEGUROS

O pagamento do seguro escolar (INSS) será obrigatorio para os alumnos españois, para os alumnos nacionais dos estados membros do EEES e para o resto dos estudantes estranxeiros residentes que formalicen a súa matrícula en estudos oficiais e sexan **menores de 28 anos**.

Os estudantes **maiores de 28 anos, o alumnado estranxeiro non residente e todo o estudantado entrante de mobilidade internacional** teñen a obriga de subscribir o seguro que contrate a UDC (que se indica no proceso de matrícula). Porén, aqueles alumnos que pertencen a programas específicos que impliquen a obriga de contratar outro seguro coas coberturas mínimas esixibles non terán que o aboar.

Tendo en conta que a matrícula dos alumnos entrantes de mobilidade internacional se formaliza de xeito presencial na Oficina de Relacións Internacionais, o persoal desta oficina encargado da matrícula debe suprimir na propia aplicación informática a obriga de efectuar este pagamento nos casos anteditos, tras ser informada a persoa interesada de que, en calquera caso, pode manifestar a súa vontade de subscribir este seguro.

Os estudantes españois, os nacionais dos estados membros do EEES e o resto dos estudantes estranxeiros residentes que formalicen a súa matrícula en estudos oficiais, sempre que sexan **menores de 28 anos**, poderán subscribir voluntariamente un seguro idéntico ao anterior como complemento do seguro escolar.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado matricularase no prazo establecido no calendario de estudos de doutoramento (Véxase o anexo I), a través da Secretaría Virtual da UDC. De optar por realizar a súa matrícula de forma presencial na Oficina de Doutoramento da EIDUDC (Pavillón de Estudantes, campus de Elviña), deberá aboar a taxa que corresponde por esa xestión.

Deberá achegar á Oficina de Doutoramento a seguinte documentación no prazo de 10 días hábiles:

12/16

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	12/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- A autorización da domiciliación bancaria, no caso de non constar como titular da conta bancaria.
- O xustificante de exención ou redución de prezos de matrícula, de ser o caso.
- O xustificante de ser beneficiario de bolsa, de ser o caso.

ARTIGO 10. ANULACIÓN DE MATRÍCULA

A anulación de matrícula supón a baixa nos estudos dos que o estudante se matriculou no curso académico actual.

O alumnado poderá solicitar a anulación da matrícula ou a modificación de acordo co que se dispón a seguir:

10.1. Solicitud de anulación de matrícula efectuada dentro de prazo:

- Para ser estimada, a solicitude deberase presentar con anterioridade ao 30 de novembro de 2023.
- A solicitude estimada supoñerá a devolución, de ser o caso, dos prezos públicos aboados correspondentes á tarifa primeira do decreto da Xunta de Galicia pola prestación de servizos académicos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/24.
- En todo caso nas devolucións que procedan non se incluírán as contías que correspondan a apertura do expediente académico nin ao seguro escolar.
- Se o/a alumno/a que solicita a anulación de matrícula ten a condición de beneficiario de bolsa, deberá presentar xustificante da renuncia.

10.2. Solicitud de anulación de matrícula efectuada fóra de prazo por causas de forza maior que se producen de forma sobrevida con posterioridade á data da matrícula:

A solicitude unicamente será estimada por algunha das causas de forza maior que a continuación se indican, todas elas producidas de forma sobrevida con posterioridade á data da matrícula e que acrediten a imposibilidade da continuación dos estudos no curso académico de que se trate.

Enténdese por causa de forza maior:

- Enfermidade.
- Traballo ou causas de índole profesional.
- Dificultades económicas acreditadas da persoa interesada ou da unidade familiar, unha vez que se demostre que o/a alumno/a solicitou, de ser posible, as bolsas/axudas existentes para realizar os estudos.
- Calquera outra causa que se considere equiparable ás anteriores.

A estimación poderá supoñer a devolución dos prezos públicos aboados na súa totalidade ou a obrigatoriedade do pagamento que poida restar dos prezos públicos. A anulación da matrícula supoñerá a perda dos efectos académicos derivados desta. No caso de que fose beneficiario/a dunha bolsa/contrato predoutoral, o/a estudante terá que seguir os trámites establecidos pola unidade responsable da xestión da bolsa nesta universidade.

10.3. Procedemento para anular a matrícula

1. O/a estudante debe presentar a súa solicitude, xunto coa documentación que acredite a causa de forza maior alegada, a través do Rexistro Electrónico ou ben presencialmente na Oficina de Rexistro da Oficina de Doutoramento, nunha oficina do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña ou por calquera outro medio autorizado pola lexislación vixente.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	13/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente resolverá o expediente por delegación do reitor.
3. A Oficina de Doutoramento notificaralle a resolución ao estudante e enviaralles unha copia ás administracións das facultades/escolas/UXAI que correspondan.

A anulación da matrícula supón a “baixa por non matrícula” nos estudos de doutoramento cos efectos recollidos no artigo 21.3 do Regulamento de estudos de doutoramento.

ARTIGO 11. PRAZOS

Os prazos de solicitude de admisión nun determinado programa, así como os de matrícula, serán os que estean establecidos no calendario de estudos de doutoramento, aprobado polo Consello de Goberno da UDC (anexo I).

ARTIGO 12. DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DE MATRÍCULA

Ao abeiro do disposto no artigo 8 da Resolución do 12 de xaneiro de 2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus órganos directivos, facúltase a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente para ditar as resolucións e as instrucións precisas que aclararen, interpretaren ou desenvolveren esta normativa académica, a que se lles dará a publicidade necesaria nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios, na web da UDC e naqueles outros lugares ou medios que se consideren oportunos.

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	14/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento 2023/2024

Aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2023

PERÍODO LECTIVO NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Aos efectos de trámites para a defensa da tese, non serán lectivos os días festivos, o mes de agosto e os períodos sinalados a continuación: desde o 26 de decembro de 2023 até o 5 de xaneiro de 2024 (ambos os dous días incluídos), os días 12 e 13 de febreiro de 2024, e desde o 25 de marzo ao 1 de abril de 2024 (ambos os dous días incluídos). Terá carácter festivo o 26 de xaneiro de 2024 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

PERÍODO DE MATRÍCULA PARA O ALUMNADO DE CONTINUACIÓN DE ESTUDOS: 01-10 de outubro de 2023.

1º PRAZO ORDINARIO	
01-08 de setembro de 2023	* Solicitud de admisión.
19 de setembro de 2023	Publicación da lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas.
20-22 de setembro de 2023	Reclamación á lista provisional.
29 de setembro de 2023	Publicación da lista definitiva de alumnado admitido e excluído. Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento.
01-10 de outubro de 2023	Matrícula.
2º PRAZO ORDINARIO	
01-07 de febreiro de 2024	** Solicitud de admisión: SÓ EN PROGRAMAS CON PRAZAS VACANTES
15 de febreiro de 2024	Publicación da lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas.
16-21 de febreiro 2024	Reclamación á lista provisional.
23 de febreiro de 2024	Publicación da lista definitiva de alumnado admitido e excluído. Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento.
26 de febreiro a 01 de marzo de 2024	Matrícula.

PERÍODOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O ALUMNADO DE NOVO INGRESO

Admisión/Renovación/Matrícula: farase a través da Secretaría Virtual no seguinte enlace:

- Alumnado da UDC: <https://matricula.udc.es/Secretaria/Login.asp>
- Alumnado externo á UDC: <https://matricula.udc.es/LoginX/Login.asp>

Alumnado pendente da defensa do Traballo Fin de Mestrado (TFM). O alumnado que defenda o TFM nas convocatorias de setembro de 2023* ou do primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024** poderá solicitar a admisión nun programa:

- aportando a certificación de que vai realizar ou ten realizada a defensa do TFM.
- entregando a certificación de ter superado o TFM no *período de reclamación á lista provisional*.
- **Listas provisoria e definitiva de alumnado admitido e excluído:** publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web do centro ou Programa de Doutoramento.

Solicitudes de admisión e reclamacións. Deberán dirixirse á *Comisión Académica do Programa de Doutoramento* e presentarse coa documentación requirida na administración do centro.

Matrícula: realizarase a través da *Secretaría Virtual do/a Estudiante* e a documentación requirida entregarase na *Oficina de Doutoramento* (Pavillón de Estudiantes-Campus de Elviña).

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións			Páxina	15/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo*

ALEMAÑA	ESLOVENIA	IRLANDA	MALTA	ROMANÍA
AUSTRIA	ESPAÑA	ISLANDIA	NORUEGA	SUECIA
BÉLXICA	ESTONIA	ITALIA	PAÍSES BAIXOS	SUÍZA (POR ACORDO BILATERAL COA UE)
BULGARIA	FINLANDIA	LIECHTENSTEIN	POLONIA	
CHIPRE	FRANCIA	LETONIA	PORTUGAL	
CROACIA	GRECIA	LITUANIA	REPÚBLICA CHECA	
DINAMARCA	HUNGRÍA	LUXEMBURGO	REPÚBLICA ESLOVACA	

*Non será necesaria a legalización dos títulos e demais documentos que procedan dos países que se recollen nesta relación. Os que procedan de países que non están recollidos nesta relación deberanse presentar debidamente legalizados.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 19/07/2023
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	19/07/2023 14:10:19
Observacións		Páxina	16/16
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/S2vf50LN2HbO/WvIaW1xbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

